



Metaversos. Enfoque opensource



09.11.2023



10:00 – 11:00 H



STREAMING

Cal é o programa?

- › Os metaversos
- › Os metaversos en distintos sectores
 - › Saúde
 - › Educación
 - › Industria
- › Metaversos abertos
- › Quenda de preguntas

Quen imparte?

ITG é un Centro Tecnolóxico de ámbito nacional con máis de 27 anos de experiencia recoñecido polo Ministerio de Economía e Competitividade e o Departamento de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación desde 2012. De carácter privado e con sede na Coruña, o noso obxectivo é a mellora da competitividade de empresas, organizacións e profesionais a través da I+D+i e tecnoloxías diferenciais como o Internet das Cousas (IoT), o Big Data, a Industria 4.0., a Realidade Aumentada, a Intelixencia Artificial ou a nanotecnoloxía son as ferramentas que utilizamos nos sectores industrial, enerxético, transporte intelixente e saúde.

Santiago Serantes Raposo

Inscríbete!

Cando e onde?

09 de novembro de 2023

De 10:00 a 11:00 H

- › **Streaming**

Para quen?

Esta sesión está deseñada para todos os públicos, independentemente do seu nivel de coñecemento do concepto metaverso.

Así, para asistir á xornada, non se require experiencia previa sendo válida para calquera persoa interesada na temática, aínda que é especialmente interesante para o sector empresarial dado que se mostrarán exemplos de como estas tecnoloxías poden dar solución ás necesidades de formación, optimización de procesos, control de calidade, ou dixitalización.

Por que?

Desde un punto de vista principalmente práctico e empresarial, o obxectivo da sesión é dar a coñecer o concepto dos metaversos interconectados, que estende o propio concepto de metaverso dotándoo de máis complexidade.

Neste evento, exploraremos o potencial dos Metaversos, expoñendo como o seu uso achega valor engadido a sectores como a saúde ou educación. Tamén, fronte a metaversos propietarios pechados e controlados por empresas, trataremos a democratización do metaverso mediante o uso de ferramentas de código aberto.

Inscríbete agora e forma parte desta emocionante revolución dixital!

